




CEMITERIOS DA TERRA CHA

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2016



Distancia: variable
Dificultade: baixa



Cemiterio de Mancelos (Abadín)



Cemiterio de Aldixe (Abadín)

Visitamos a Terra Cha, ou pasámola cara a outros destinos, de vez en cando para gozar da súa singular paisaxe, para ver e coñecer algúns dos seus moitos e característicos elementos naturais e etnográficos. É unha comarca que acolle ecosistemas únicos (ríos, humidaes e serras) con importantes valores paisaxísticos, xeolóxicos, biolóxicos, histórico-artístico e etnográficos. Toda ela está incluída na Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e acolle o LIC Parga-Ladra-Támoga e parte do LIC Serra do Xistral.


Nas nosas viaxes pola Terra Cha sempre nos chamaron a atención os seus cemiterios nos que elegantes torres de pedra, que acollen ata cinco ou seis nichos en altura, aparecen rematados por curiosas e fermosas torres, pináculos e celosías, de formas que recordan ao estilo gótico (neogótico) con todas as variantes imaxinables. Nas últimas visitas dedicamos, case a intento, bastante tempo a ver e visitar os que se atopaban preto do noso itinerario e quedamos admirados coa contemplación dalgúns conxuntos e/ou elementos singulares: pola finura e calidade do traballo, polo equilibrio e elegancia do deseño ou pola riqueza e variedade de detalles. Por isto considermos e decidimos que era unha boa opción dedicarlle este traballo, dalos a coñecer e facer deles un novo motivo para achegarse á Terra Cha, ou para non esquecerse de botarlle unha ollada durante un paso ocasional. Non fumos aínda quen de visitar as máis de 200 parroquias que hai na comarca, pero nos 35 exemplos que coñecemos, nos concellos de Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba, Abadín, Cospeito e Begonte, atopamos mostras abondo coa categoría de obras de arte creadas polo bo facer e o paciente labor dos canteiros da contorna entre as décadas do 20 e do 70 de pasado século XX. Cóntase na zona que unha boa parte foron construídos polos canteiros da parroquia de Román, que tiñan sona de ser moi habilidosos.

PERCORRIDO

É imposible deseñar un percorrido para visitalos todos nunha xornada, nin nunha semana. Suxerimos unha primeira achega a algúns dos máis destacados e, despois, a gusto de cada quen, dedicarse a explorar a comarca para descubrir o bo facer desta xente en cada recuncho e lugar. Por citar algúns, e non sabemos se son os máis destacados, recomendaríamos os de Santa María (Abadín); Goiriz, Alba, Árbol, Román e Oleiros (Vilalba); Xermar (Cospeito); Labrada (Guitiriz) ou A Balsa (Muras). Mágoa que algúns destes conxuntos estén afectados polas novas construcións pouco acordes co estilo tradicional.



Cemiterio de Román (Vilalba)



Cemiterio de Árbol (Vilalba)



Cemiterio de Gueimonde (A Pastoriza)

Relación dos cemiterios que visitamos

ABADÍN

Abadín (Santa María)
Abeledo (Santa María)
Aldixe (San Pedro)
Baroncelle (Santiago)
Candia (San Pedro)
Castromaior (San Xoán)
Corvite (San Pedro)
Fanoi (Santa María Madalena)
As Goás (San Pedro)
Graña de Villarente (Sta M^a Madalena)
Labrada (San Pedro)
Moncelos (Santa María)
Montouto (Santa María)
Quende (Santiago)
Romariz (San Xoán)
Seivane de Villarente (San Xoán)

BEGONTE

Carral (San Martiño)
Damil (San Salvador)
Felmil (Santiago)
Gaibor (San Xiao)
Illán (Santiago)
Trobo (Santa María)

CASTRO DE REI

Bazar (San Pedro)
Bendia (San Pedro)
Outeiro (Santa María)
Pacios (San Salvador)
Santa Locaia (San Pedro)
Triabá (San Pedro)

COSPEITO

Arcillá (San Paio)
Cospeito (Santa María)
Goá (San Xurxo)
Momán (San Pedro)
Muimenta (Santa Mariña)
Pino (San Martiño)
Rioaveso (Santalla)
Roás (San Miguel)
Santa Cristina (San Xiao)
Seixas (San Pedro)
Sistallo (San Xoán)
Támoga (San Xiao)
Vilapene (Santa María)
Xermar (Santa María)

QUITIRIZ

Buriz (San Pedro)
Labrada (Santa María)
Parga (Santa Cruz)
Parga (Santo Estevo)
Pígara (San Pedro)
Trasparga (Santiago)
A Balsa (Santa María)

MURAS

Ambosores (Santa María)
Irixoa (San Xillao)
Muras (San Pedro)
O Burgo (Santa María)
O Sisto (Santa María)
O Viveiró (Santa María)
Silán (Santo Estevo)

OUTEIRO DE REI

Taboi (san Pedro)

A PASTORIZA

A Aguarda (San Martiño)
Álvare (Santa María)
Corbelle (San Martiño)
Crecente (O Salvador)
Gueimonde (San Mamede)

RIOTORTO

Aldurfe (San Pedro)

VILALBA

Alba (San Xoán)
Árbol (San Lourenzo)
Belesar (San Martiño)
Boizán (Santiago)
Carballido (Santa María)
Codesido (San Martiño)
Corvelle (San Bartolomeu)
Costa (San Simón)
Distriz (San Martiño)
Goiriz Santiago
Gondaísque (Santa María)
Insua (San Bartolomeu)
Ladra (San Salvador)
Lanzós
Mourence (San Xiao)
Nete (San Cosme)
Noche (San Martiño)
Oleiros (San Mamede)
Rioaveso (San Xurxo)
Román (Santalla)
Samarugo (Santiago)
Sancovade (Santiago)
Santaballa (San Pedro)
Soexo (Santa María)
Tardade (Santa María)
A Torre (Santa María)
Vilapedre (San Mamede)
Xoibán (O Salvador)

XERMADE

Burgás (Santa Baia)
Cabreiros (Santa Mariña)
Candamil (San Miguel)
Cazás (San Xulián)
Lousada (Santo André)
Momán (San Mamede)
Piñeiro (San Martiño)



Cemiterio de A Guarda (A Pastoriza)



Cemiterio de Alvare (A Patoriza)



Cemiterio de Alba (Vilalba)



Cemiterio de Candia (Abadín)



Cemiterio de Corvelle (A Pastoriza)



Cemiterio de Goiriz (Vilalba), declarado Ben de Interese Cultural.



Cemiterio de Oleiros (Vilalba)



Cemiterio de Candamil (Xeramade)



Cemiterio de San Xoán de Vilarente (Abadín)



Cemiterio de Nete (Vilalba)